

Roberto Varela Gestal, con NIF 32.790.604-X, secretario nacional da CIG-Autónomica, co enderezo válido para os efectos de notificacións indicado na cabeceira deste escrito e no enderezo de correo electrónico autonomica@cigadmon.gal, en nome e representación desta organización sindical, presenta as seguintes

Alegacións complementarias ás xa remitidas por esta organización o pasado 6 de novembro de 2015, referentes ao proxecto de Decreto polo que se modifica o Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galiza.

Respecto aos artigos do actual decreto, solicitamos as seguintes modificacións:

Artigo 3

Solicitamos que nas categorías de Técnico, Xefe de cuadrilla, Peón condutor e Peón (II-39, III-100, V-014 e V-014A) exista unha nova casilla para que se anote nela a voluntariedade de ser chamado/a ou non para as brigadas helitransportadas.

Artigo 5

Adaptar a Lei de emprego, ampliar o número máximo de ámbitos a 5 e revisar si alguna categoría que agora ten ámbito provincial podería ser aberta a agrupación de Concellos.

Artigo 7

Entendemos que o cambio de facer as solicitudes por rexistro a facelo unicamente de xeito telemático debe ser progresivo e, por tanto, pedimos que se manteña a posibilidade de seguir coas solicitudes en papel alomenos durante 3 anos.

Artigo 9

Solicitamos a ampliación da puntuación por experiencia. Dado que o decreto superou as súas perspectivas de vixencia e existe xa un número elevado de persoas que teñen o máximo de puntuación, este criterio perde a súa finalidade ao ter persoas con moita diferenza de anos traballados a mesma puntuación. Se entendemos que a experiencia debe ser baremada debería revisarse este punto.

Neste mesmo artigo propoñemos tamén que se amplíe o límite de puntos por postos desempeñados, por suposto sen perder a proporcionalidade coas notas dos procesos selectivos. Por ese motivo opinamos que se debería revisar a ponderación das mesmas.



Artigo 14

Entendemos que debería incluírse neste artigo a prohibición de facerse chamamentos cunha antelación de máis de 20 días cando se trate de contratos previsibles, tales como vacacións ou baixas programadas.

Artigo 15

Solicitamos que o persoal de incendios que está ocupando postos de 3 meses volte ás listas do resto de categorías nas que está apuntado unha vez rematado o contrato. Asimesmo solicitamos que se manteñan como ocupados só na categoría na que teñen o posto de 3 meses.

No apartado 1.a, propoñemos a posibilidade de que si se renuncia a unha vacante se lle poda voltar a ofrecer outra pasados 4 anos, e nos casos de que non exista renuncia, se lle oferte sempre que lle toque por lista, independentemente de si xa disfrutou unha ou non.

No apartado 2 consideramos que 30 días é un período excesivo para a reincorporación despois da petición polo que solicitamos que se reduza a 15 días.

Artigo 17

No punto 2 pensamos que se debería estudar a posibilidade de que a situación das persoas que logo de traballar un ano pasan ao final da lista durante 4 meses se dea só en caso de non vacantes pero non perdan a posibilidade de ser chamados para vacantes. Nese senso solicitamos engadir o seguinte texto "pasará a ocupar o final da lista *excepto para postos vacantes, nos que manterá a súa situación na lista*".

Artigo 18

Propoñemos mudar "6 meses de servizos efectivos" por "3 meses de contrato".

Neste punto seguimos a demandar unha lista diferente ou, cando menos, unha terceira casilla na que podan anotarse todas aquelas persoas ás que lle interese ser chamadas para contratos iguais ou inferiores a media xornada. Como mínimo solicitamos unha garantía de que alomenos nun período dun ano non se lle oferte á mesma persoa este tipo de contratos se renunciou a un, segundo a posibilidade que establece a proposta de modificación que nos achegou a Administración. Con isto solventaríase o problema de que a mesma persoa renuncie a un contrato deste tipo e sexa chamada de novo para o mesmo traballo ou para un similar.

Solicitamos que a reincorporación ás listas despois de ter unha penalización sexa inmediata e de oficio salvo comunicación contraria por parte do/a interesado/a.

Pedimos que se anulen os dous parágrafos seguintes ou, no seu defecto, que se inclúa a seguinte premisa: *a reincorporación farase efectiva ao día seguinte da penalización*.

No punto 2 demandamos que a primeira reincorporación sexa previa solicitude pero sen cobro de taxas.

Disposicións xerais

Entendemos que hai que adaptalas á normativa vixente.

No caso da adicional 1ª demandamos que a xestión das listas sexa sempre dende Función Pública e non dende as Xefaturas Territoriais, sobre todo no referente ás autorizacións dos chamamentos.

Á marxe dos artigos que establece o decreto actual e das propostas que achegou a Administración queremos facer as seguintes manifestacións:


Solicitamos que no caso de baixas por maternidade ou paternidade non se perda o dereito a optar a unha vacante. En caso de serlle ofertada unha vacante permitir que a persoa opte a ela e posteriormente se lle substitúa na súa baixa. Este tipo de xestión faise xa nas listas de ensino e non supón ningún problema.

En canto as penalizacións solicitamos que non se penalice ás persoas que teñan un contrato en vigor en calquera administración pública no momento de ser chamadas.

Por último, solicitamos que os contratos laborais para cubrir postos de funcionarios ou viceversa, por non existir listas desa categoría tanto en funcionarios como en laborais, puntúen nas listas polas que a persoa foi chamada.

Compostela, 12 de xaneiro de 2016

O secretario nacional da CIG-Autónomica



Roberto Varela Gestal

DIRECCIÓN XERAL DE FUNCIÓN PÚBLICA

San Caetano, s/n, Santiago de Compostela